

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE: 720

DENOMINACIÓN: Expedientes de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario.

FUNCIÓN: Comercio e Consumo. Consumo. Fomento

ÓRGANO PRODUTOR:

Consellería de Sanidade e Consumo. Dirección Xeral de Consumo. Servizo de Control e Inspección do Consumo . Servizo de Defensa do Consumidor e do Usuario
(14-02-1985/05-02-1990).

Consellería de Industria e Comercio. Dirección Xeral de Comercio e Consumo. Subdirección Xeral de Consumo. Servizo de Promoción e Asistencia
(22-03-1990/23-05-1996).

Instituto Galego de Consumo. Servizo de Información e Educación ao Consumidor
(24-05-1996/08-07-2005).



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Instituto Galego de Consumo. Servizo de Información, Cooperación e Fomento
(09-07-2005/).

DATAS EXTREMAS:

1984/

No Arquivo de Galicia: 1984/2002.

CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: textual.

SOPORTE: papel.

FORMATO: expediente.

FORMA: orixinal.

5.5. VOLUME: no Arquivo de Galicia. Tambre: 60 unidades de instalación;
8,57 m.l.

DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Expedientes tramitados para a concesión de subvencións ás organizacións de consumidores e usuarios da Comunidade Autónoma para o desenvolvemento dos fins que lles son propios a través do mantemento e funcionamento de oficinas de información e realización de proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

LEXISLACIÓN:

Estatal

Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios (BOE núm. 176, 24-07-1984) (Derrogada).

Real Decreto Lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias (BOE núm. 287 do 30 de novembro).

Autonómica

Decreto 15/1984 do 24 de maio polo que se crea o rexistro de organizacións de consumidores e usuarios de Galicia (DOG núm.116 do 16 de xuño).

Lei 12/1984, de 28 de decembro, do Estatuto galego do consumidor e usuario (DOG núm. 23 do 1 de febreiro de 1985).

LEI 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias (DOG núm. 69 do 11 de abril).

Ordes de convocatoria

Orde do 30 de maio de 1984 pola que se convoca a concesión de subvencións ás asociacións de consumidores e usuarios (DOG núm. 122 do 27 de xuño).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 4 de febreiro de 1985 pola que se convoca a concesión de subvencións ás asociacións de consumidores e usuarios (DOG núm. 31 do 13 de febreiro).

Orde do 4 de febreiro de 1986 pola que se convoca a concesión de subvencións as asociacións de consumidores e usuarios (DOG núm. 34 do 18 de febreiro).

Orde do 25 de setembro de 1987 pola que se convoca a concesión de subvencións para asociacións de consumidores e usuarios (DOG núm. 195 do 9 de outubro).

Orde do 20 de xullo de 1988 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios (DOG núm. 163 do 25 de agosto).

Orde do 21 de febreiro de 1989 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios (DOG núm.41 do 28 de febreiro).

Orde do 24 de outubro de 1989 pola que se modifica o artigo 4º da orde do 21 de febreiro de 1989 que regula a concesión de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios (DOG núm. 209 do 31 de outubro).

Orde do 30 de maio de 1990 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios, para actividades de información,



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

educación e defensa do consumidor e usuario (DOG núm. 109 do 6 de xuño).

Orde do 2 de marzo de 1991 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios, para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario (DOG núm. 52 do 14 de marzo).

Orde do 30 de outubro de 1991 pola que se modifica o artigo 6 da orde do 2 de marzo que regula a concesión de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario (DOG núm. 216 do 7 de novembro).

Orde do 15 de xaneiro de 1992 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario (DOG núm. 18 do 28 de xaneiro).

Orde do 1 de marzo de 1993 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios para actividades de información educación e defensa do consumidor e usuario (DOG núm. 51 do 16 de marzo).

Orde do 5 de maio de 1994 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario (DOG núm. 110 do 9 de



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

xuño; modificada pola de 28 de outubro de 1994, DOG núm. 215 do 8 de novembro).

Orde do 11 de abril de 1995 pola que se regula a concesión de subvencións a organizacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario (DOG núm. 89 do 10 de maio; corrección de erros nos DOG núm. 103 e núm. 114 de 31 de maio e de 15 de xuño).

Resolución do 30 de abril de 1996 pola que se convoca e regula a concesión de axudas a organizacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario para o ano 1996 (DOG núm. 95 do 15 de maio; ampliada pola resolución do 14 de outubro de 1996, DOG núm. 209 do 24 de outubro).

Resolución do 16 de xaneiro de 1997 pola que se convoca e regula a concesión de axudas a organizacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario para o ano 1997 (DOG núm. 22 do 3 de febreiro).

Resolución do 23 de marzo de 1998 pola que se convoca e regula a concesión de axudas a organizacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario para o ano 1998 (DOG núm. 60 do 30 de marzo).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Resolución do 1 de marzo de 1999 pola que se convoca e regula a concesión de axudas a organizacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario para o ano 1999 (DOG núm. 46 do 8 de marzo).

Resolución do 3 de abril de 2000 pola que se convoca e regula a concesión de axudas a organizacións de consumidores e usuarios, para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario para o ano 2000 (DOG núm.74 do 14 de abril).

Resolución do 9 de febreiro de 2001 pola que se convoca e regula en réxime de concorrencia competitiva a concesión de axudas a organizacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario para o ano 2001 (DOG núm. 38 do 22 de febreiro).

Resolución do 19 de abril pola que se convocan axudas a organizacións de consumidores e usuarios para proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores para o ano 2002 (DOG núm. 82 do 29 de abril; corrección de erros no DOG núm. 89 do 9 de maio).

Orde do 11 de marzo de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións en materia de industria, enerxía, minería, tecnoloxía e desenvolvemento sectorial, comercio e consumo. Anexos XIV e XV (DOG núm. 55 do 18 de marzo).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Resolución do 23 de maio de 2002 pola que se convocan axudas ás organizacións de consumidores e usuarios para o funcionamento e mantemento das súas oficinas de atención ós consumidores para o ano 2002 (DOG núm. 103 do 30 de maio).

Resolución do 20 de decembro de 2002 pola que se convocan axudas ás organizacións de consumidores e usuarios, para o funcionamento e mantemento das súas oficinas de atención ós consumidores para o ano 2003 (DOG núm. 252 do 31 de decembro de 2002; modificada pola de 14 de xaneiro de 2003, DOG núm. 12 do 20 de xaneiro).

Resolución do 2 de decembro de 2002 pola que se convocan axudas a organizacións de consumidores e usuarios para proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores para o ano 2003 (DOG núm. 239 do 12 de decembro de 2002; corrección de erros no DOG núm. 3 do 7 de xaneiro de 2003; modificada pola de 14 de xaneiro de 2003 do DOG núm. 12 do 20 de xaneiro).

Resolución do 2 de decembro de 2003 pola que se convocan axudas a organizacións de consumidores e usuarios para proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores para o ano 2004 (DOG núm. 238 do 9 de decembro).

Resolución do 2 de decembro de 2003 pola que se convocan axudas ás organizacións de consumidores e usuarios para o funcionamento e mantemento das súas oficinas de atención ós consumidores para o ano



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

2004 (DOG núm. 238 do 9 de decembro de 2003; modificada polo de 30 de xuño de 2004, DOG núm. 130 do 7 de xullo).

Resolución 21 de febreiro de 2005 pola que se convoca e regula a concesión de axudas ás organizacións de consumidores para a realización de proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores e usuarios para o ano 2005 (DOG núm. 41 do 1 de marzo).

Resolución do 29 de marzo de 2005 pola que se convocan e regulan axudas a organizacións de consumidores e usuarios, para o funcionamento e mantemento das súas oficinas de información aos consumidores para o ano 2005 (DOG núm. 66 do 7 de abril).

Resolución do 22 de maio de 2006 pola que se convoca e regula a concesión de axudas ás organizacións de consumidores para a realización de actividades en relación cos intereses dos consumidores e usuarios para o ano 2006 (DOG núm. 102 do 30 de maio).

Resolución do 11 de maio de 2007 pola que se convoca e se regula a concesión de subvencións para o ano 2007 en materia de consumo ás organizacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 94 do 16 de maio).

Resolución do 28 de decembro de 2007 pola que se convoca e regula a concesión de subvencións para o ano 2008 en materia de consumo ás



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

organizacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 11 do 16 de xaneiro de 2008).

Resolución do 30 de decembro de 2008 pola que se convoca e regula a concesión de subvencións para o ano 2009 en materia de consumo ás organizacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 10 do 15 de xaneiro de 2009).

Resolución do 30 de marzo de 2010 pola que se convoca e se regula a concesión de subvencións para o ano 2010 ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de gastos correntes das súas oficinas de atención ao consumidor (DOG núm. 68 do 13 de abril).

Resolución do 29 de xuño de 2010 pola que se convoca e se regula a concesión de subvencións para o ano 2010 ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos destinados á protección e ao asesoramento aos consumidores e usuarios (DOG núm. 126 do 5 de xullo de 2010).

Resolución do 27 de decembro de 2010 pola que se convoca e se regula a concesión de subvencións para o ano 2011 ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de gastos correntes das súas oficina de atención ao consumidor (DOG núm. 3 do 5 de xaneiro de 2011).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

PROCEDEMENTO:

Códigos procedementos:

- IN102A: Subvencións a asociacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor.
- IN107A: Subvencións en materia de consumo ás organizacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia.
- IN107B: Axudas a organizacións de consumidores e usuarios para proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores.

Trámites:

- Publicación da convocatoria da subvención.
- Presentación das solicitudes.
- Valoración de solicitudes pola comisión de valoración.
- Redacción da proposta de resolución a partir dos acordos da comisión de valoración de solicitudes.
- Ditado da resolución definitiva.
- Comunicación da resolución aos solicitantes.
- Aceptación ou renuncia á subvención.
- Xustificación das actividades realizadas.
- Liquidación e pagamento das axudas.

DOCUMENTOS BÁSICOS

- Orde de convocatoria de axudas debidamente informada.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- **Solicitude** acompañada de toda a documentación esixida na convocatoria:
 - Acordo da xunta rectora da organización polo que se aproba a realización do programa (1984/1986) ou certificación do secretario pola que se acolle a axuda, coa expresión da cantidade exacta solicitada (2005/2011).
 - Memoria ou proposta descritiva de cada un dos programas de actuación e, de ser o caso, a súa valoración.
 - Memoria das actividades realizadas pola organización durante o exercicio anterior (1984/1998).
 - Certificación do/a secretario/a acreditativo do número de socios da organización.
 - Balance da situación económica a 31 de decembro do ano anterior (1984/2001).
 - Declaración/certificación de todas as solicitudes de axuda concedidas ou solicitadas por outras administración ou entes públicos ou privados (desde 1988).
 - Certificación/declaración de estar ao corrente coas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e de non ten pendente pagamentos por estes conceptos (1993/1999, 2005/2011).
 - Certificación do concello onde se faga constar a poboación de feito do concello onde estea instalada a oficina (2002/2011).
 - Declaración responsable de non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, de subvencións (2005/2011).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Copia da carta de servizos publicada (2006/2011).
 - Copia compulsada do CIF (2007/2011).
 - Certificación do/a secretario/a acreditativo do número de sedes e a súa localización, así como do horario de atención aos consumidores (2007/2011).
-
- Nomeamentos dos membros, convocatorias ás sesións e actas da comisión de valoración.
 - Proposta provisional de beneficiarios, por parte da comisión avaliadora.
 - Proposta de resolución por parte da comisión avaliadora.
 - Resolución definitiva.
 - Notificación aos interesados ou publicación da resolución.
 - Comunicación de aceptación ou renuncia dos solicitantes.
 - Documentación xustificativa do gasto obxecto de subvención ou axuda.
 - Documentación do pagamento da axuda (memoria, documentos contables etc.).

ORDENACIÓN

Cronolóxico – numérica.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL

Base de datos do Arquivo de Galicia: IGC(80-03)94-07Act.mdb

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

Tendo en conta o prazo de catro anos establecido polo art. 39 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de de subvencións para que a Administración recoñeza ou liquide o reintegro, establécese un período de 5 anos de vixencia do valor administrativo, a partir da data de finalización do procedemento.

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Si, deixa constancia da axuda económica recibida e das obrigas e dereitos adquiridos coa súa concesión e a súa vixencia é a mesma cá do valor administrativo.

VALOR INFORMATIVO-HISTÓRICO:

Os expedientes testemuñan os apoios económicos prestados pola administración autonómica en materia de defensa dos dereitos e intereses dos cidadáns como consumidores e usuarios.

SERIES RELACIONADAS:

SERIES PRECEDENTES:

SERIES PARALELAS:

SERIES SUBORDINADAS:

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

COMERCIO E CONSUMO

720: Expedientes de subvencións a asociacións de consumidores e usuarios para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario.

Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

SERIES DUPLICADAS:

SERIES DESCENDENTES

DOCUMENTOS COMPILADORES:

Rexistro público de axudas, subvenciones e convenios.

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Ao Arquivo Central ao ano de finalizar o trámite administrativo.

Ao Arquivo Intermedio / Histórico aos cinco anos do seu ingreso, a mostra resultante tras a eliminación

RÉXIME DE ACCESO:

Libre, con carácter restrinxido aos datos persoais conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (art.º 37), a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (art. 11) e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro que aproba o Regulamento que a desenvolve (art. 27).

A liberalización da súa consulta prodúcese aos 50 anos da data do documento, de acordo coa Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 57).

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE SELECCIÓN

Á vista dos valores citados, propónse a conservación parcial das partes do expediente que inclúan información xeral (ou " expediente xeral") das convocatorias (orde, informes, resolucións, actas de valoración de solicitudes, documentos contables RC, A, D, O, K), ata a entrada en vigor do Rexistro público de axudas, subvencións e convenios no ano 2006, eliminando o resto da documentación, agás as memorias e os proxectos de obras de relevancia cultural.

A eliminación farase no Arquivo intermedio aos 5 anos dende o fin da tramitación administrativa.

Conservación das unidades de instalación con "expedientes xerais":

- 11066-002-2, 11066-0003, 11191-0001, 11723-002-1, 11737-0004, 14446-002-1, 15408-0003 e 24165-001-2 (1997/2002).

No caso de non localizarse o expediente xeral das demais convocatorias (1984/1996 e 2003/2001), recoméndase a conservación dunha mostra de 10 expedientes completos extraídos de forma aleatoria por cada convocatoria como testemuño.

ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Definición do contido: actuacións subvencionables:
 - Os gastos derivados do mantemento e funcionamento de sedes.
 - A creación e funcionamento de gabinetes técnico - xurídicos.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- A realización de programas e actividades das organizacións de consumidores e usuarios da Comunidade Autónoma de Galicia para a defensa e protección dos dereitos dos consumidores e usuarios

Ao longo dos anos, as convocatorias de subvención varían, podéndose realizar así unhas veces, ben de forma conxunta para mantemento e funcionamento de sedes ou oficinas (financiadas mediante aplicacións orzamentarias de transferencias correntes) e realización de programas e actividades concretas (financiadas mediante aplicacións orzamentarias de transferencias de capital), ben de forma separada mediante convocatorias diferenciadas.

- IDENTIFICACIÓN. Documentos básicos: a memoria ou proposta descritiva de cada un dos programas de actuación e, de ser o caso, a súa valoración, son necesarias sobre todo nas subvencións destinadas á realización de proxectos concretos.

ÁREA DE CONTROL

Data de elaboración: marzo de 2012.

Revisión: agosto de 2013.